



A presidenta do Parlamento de Galicia condena o atentado de Calviá e traslada a súa solidariedade e recoñecemento á Garda Civil e ás súas familias

Pilar Rojo: “Os terroristas xamais doblegarán aos demócratas”

Santiago, 30 de xullo de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, expresa a súa máis contundente repulsa polo atentado que este mediodía custou a vida a dous axentes da Garda Civil en Palmanova (Calviá, Mallorca) e subliña que “os terroristas xamais doblegarán aos demócratas”.

Para Rojo Noguera, nin a barbarie nin o medo que os terroristas tratan de alimentar coas súas accións serán capaces de vencer o espírito democrático nin os cimentos do Estado de Dereito. Neste sentido, valora a reacción unánime da sociedade cada vez que se produce un acto execrable como o de hoxe.

A presidenta do Parlamento de Galicia traslada a súa solidariedade ás familias dos axentes asesinados e ao conxunto dos integrantes da Garda Civil, aos que fai extensiva unha mensaxe de ánimo e de apoio. “Os dous atentados das últimas horas (Burgos e Mallorca) revelan que ETA é consciente da súa vulnerabilidade e dos éxitos que, día tras día, están a conseguir as Forzas e Corpos de Seguridade, e moi particularmente a Garda Civil, na loita contra o terrorismo”, agrega a presidenta do Parlamento de Galicia.

Pilar Rojo enviou esta tarde, en nome propio e no do Parlamento de Galicia, unha mensaxe de solidariedade á presidenta do Parlamento de Baleares, María Antonia Munar, á

que lle pide que faga chegar as súas condolencias aos familiares, amigos e compañeiros das vítimas.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA